

e transformación de buques, mediante apoios e reducións do seu prezo, e unhas subvencións ó tipo de xuro dos préstamos concedidos para financiar a construción e transformación de buques.

Actualmente, o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, que substitúe o Real decreto 826/1991, do 24 de maio, sobre primas á construción naval, e o Real decreto 1331/1991, do 2 de agosto, sobre medidas de financiamento da demanda interna de buques, é o que ampara este tipo de subvencións.

Aínda que o período de vixencia do Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, era o da Sétima Directiva do Consello da UE (90/684/CEE), prorrogado pola Directiva 93/115/CE, do 16 de decembro, dado que o Regulamento (CE) número 1540/98, do Consello, de 29 de xuño, sobre axudas á construción naval, mantíña o mesmo esquema de axudas, optouse por modificalo citado real decreto mediante a publicación do Real decreto 2600/1998, do 4 de decembro, modificado de novo polo Real decreto 3452/2000, do 22 de decembro, para adaptalo ó disposto no dito regulamento, e sendo a vixencia do real decreto a mesma cá do regulamento, aplicable ata o 31 de decembro de 2003.

Deste xeito, a lexislación vixente permite unha subvención de ata 3 puntos porcentuais ós préstamos concedidos para a construción naval, que teñen unha vida máxima de catorce anos.

Na subsidiación dos xuros destes créditos destinados á construción naval quedaron pendentes obrigacións correspondentes a exercicios anteriores, á cobertura das cales atende este crédito extraordinario que se tramita, de acordo co dictame do Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

#### Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédesese un crédito extraordinario por importe de 19.945.098.263 pesetas (119.872.454,79 euros) á sección 20 «Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía», servizo 11, «Dirección Xeral de Política Tecnolóxica», programa 723B, «Reconversión e reindustrialización», capítulo 7, «Transferencias de capital», artigo 77, «A empresas privadas», concepto 777, «Compensación de xuros para préstamos á construción naval, por obrigacións de exercicios anteriores».

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 28 de setembro.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**24746** *REAL DECRETO 1377/2001, do 7 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.* («BOE» 311, do 28-12-2001.)

O Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, modificado polo Real decreto 197/2000, do 11 de febreiro, ten por obxecto establecer as bases do devandito sistema de identificación a aplicar a partir do 1 de xaneiro de 1998. Pola súa banda, no ámbito comunitario, adoptouse o Regulamento (CE) 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún, e polo que se derroga o Regulamento (CE) 820/1997 do Consello, normativa que foi desenvolvida polos regulamentos comunitarios que establecen as modalidades de aplicación do mesmo.

Este real decreto modifica determinados aspectos do Real decreto 1980/1998, co fin de os adaptar ós cambios realizados nas disposicións comunitarias de aplicación do Regulamento (CE) 1760/2000, no que respecta ós controis que deben realizarse no marco do sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, así como no relativo ós touros destinados a manifestacións culturais e deportivas.

Así mesmo, faise preciso incluír Ceuta e Melilla a continuación das comunidades autónomas que se relacionan no anexo 1 contido no Real decreto 1980/1998.

Por outro lado, cómpre actualizar os modelos de documento de identificación de bovinos e de pasaporte que figuran nos anexos 2 e 3 do citado real decreto, á vista da experiencia adquirida e das novas necesidades en materia de rastrexabilidade dos animais.

Finalmente parece oportuno proceder a algunha rectificación de erros materiais que contén o Real decreto 197/2000.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ó Estado as competencias en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e mailos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de decembro de 2001,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1980/1998.*

O Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, queda modificado como segue:

1. A alínea c) do número 2 do artigo 5 substitúese polo seguinte texto:

«Dous díxitos que identifican a Comunidade Autónoma, a Cidade de Ceuta ou a de Melilla, de acordo coa táboa que figura como anexo I do presente real decreto.»

2. O segundo parágrafo do número 5 do artigo 6 substitúese polo seguinte texto:

«Ademais, os animais nados antes do 1 de xaneiro de 1998 deberán dotarse das dúas marcas e mais do pasaporte mencionado no número 5 do artigo 10 para seren destinados a intercambios.»

3. Substitúese o número 7 do artigo 15 polo seguinte texto:

«7. Co obxecto de facilitar á Comisión Europea o informe a que se refire o artigo 5 do Regulamento (CE) 2630/97, da Comisión, do 29 de decembro, polo que se establecen determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 820/97, do Consello, no que respecta ó nivel mínimo de controis que deben realizarse no marco do sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, as autoridades competentes remitirán anualmente un informe das inspeccións realizadas o ano anterior, antes do 30 de abril, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conforme a estrutura recollida no anexo do Regulamento (CE) 1898/2000, da Comisión, do 7 de setembro, polo que se modifica o Regulamento (CE) 2630/97, no que atinxe ó modelo de informe sobre os controis anuais previstos no número 1 do artigo 5 do citado regulamento.»

4. Engádese un número 8 ó artigo 15:

«8. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá, de se-lo caso, obter da base de datos a que se refiren os artigos 12 e 13, aquela información, da relacionada no número anterior, que considere necesaria para a subministración á Comisión Europea dos informes establecidos na lexislación comunitaria.»

5. Na disposición adicional terceira engádese o número 3, co seguinte texto:

«3. En calquera caso, unha vez retiradas as marcas auriculares, o gandeiro responsable deberá conservarlas na súa posesión, en cumprimento da normativa vixente. Cando os animais sexan obxecto

de movemento, estando especificamente incluídos os que se realicen con destino ás prazas de touros, ou ben no caso de intercambio, deberán ir acompañados das dúas marcas auriculares, co fin de que se poida garanti-la destrución destas marcas.»

6. No anexo 1 do Real decreto 1980/1998 inclúense:

- «18. Ceuta.
- 19. Melilla.»

7. O contido do anexo 2 substitúese polo do anexo 1 do presente real decreto.

8. O contido do anexo 3 substitúese polo do anexo 2 do presente real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## ANEXO 1

### Documento de identificación para bovino

Anexo 1:

Características: papel «offset» de 120 gramos.  
Dimensións: largo, 21 cm / alto, 14,75 cm.  
Simboloxía dos códigos de barras: «Code 128.-Set A».

Código superior: leva o número de identificación (crotal) con letras e números, pero sen espazos nin guións.  
Código medio: leva o código SIMOGAN da explotación do seu propietario, con letras e números.

Código inferior: leva os datos imprescindibles do animal co formato CCCCCCCC/DDMMAAAASSRRRR, onde

CCCCCCCC é o número de identificación do animal.  
/ é un separador.

DDMMAAAA é a data de nacemento do animal (día, mes, ano), sen separadores.

SS é o código SIMOGAN para o sexo do animal.  
RRRR é o código SIMOGAN para a raza do animal.

Nota: Como máximo levará unha lonxitude de 29 caracteres (cando o crotal sexa de 14 caracteres), pero será menor se o crotal ten unha lonxitude menor.

Contido: De acordo co seguinte modelo:

# DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN PARA BOVINOS

exemplar **1** de acompañamento do animal



ESPAÑA

Espacio para o escudo ou logo da C.A.	Data de expedición
	Sinatura ou selo da autoridade competente

NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN <b>ES 05 07 0150 8111</b>	
---	--

Recadro reservado para anota-lo identificativo dos touros de lida

DATOS DO ANIMAL			
DATA DE NACEMENTO	01/01/2000	SEXO	macho
RAZA	avileña	NACIDO EN ESPAÑA	
Código da nai	ESBA0111AA	EXPLOTACIÓN DE NACEMENTO	ES130150000223

DATOS DA EXPLOTACIÓN	
Código ES187T025	DATA DE INCORPORACIÓN Á EXPLOTACIÓN 12/06/200
TITULAR González López Manuel	DNI/CIF 25689488B
ES451870000009	

DATOS DA MORTE, SACRIFICIO OU EXPORTACIÓN A PAÍS NON PERTENCENTE Á UE	
ANIMAL Morto na explotación <input type="checkbox"/> Sacrificado en matadoiro <input type="checkbox"/> Exportado a outro país <input type="checkbox"/> Día <input type="text"/> <input type="text"/> Mes <input type="text"/> <input type="text"/> Ano <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	SINATURA OU SELO

DATOS SOBRE PRIMAS	<i>espacio de libre disposición para a inclusión doutras informacións pola autoridade competente</i>
SOLICITADA PRIMA ESPECIAL	
PRIMEIRO TRAMO DE IDADE <input type="checkbox"/> Data ____/____/____	
SEGUNDO TRAMO DE IDADE <input type="checkbox"/> Data ____/____/____	

ES 05 07 0150 8111 01 01 2000 01 1121

## ANEXO 2

### Documento de identificación para bovinos obxecto de intercambio con outros estados membros da UE

Características: papel «offset» de 120 gramos.

Dimensións: largo, 21 cm / alto, 29,5 cm.

Simboloxía dos códigos de barras: «Code 128.-Set A».

Código superior: leva o número de identificación (crotal) con letras e números, pero sen espazos nin guións.

Código medio: leva o código SIMOGAN da explotación do seu propietario, con letras e números.

Código inferior: leva os datos imprescindibles do animal co formato CCCCCCCC/DDMMAAAASSRRRR, onde

CCCCCCCC é o número de identificación do animal.  
/ é un separador.

DDMMAAA é a data de nacemento do animal (día, mes, ano) sen separadores.

SS é o código SIMOGAN para o sexo do animal.

RRRR é o código SIMOGAN para a raza do animal.

Nota: Como máximo levará unha lonxitude de 29 caracteres (cando o crotal sexa de 14 caracteres), pero será menor se o crotal ten unha lonxitude menor.

Contido: de acordo co seguinte modelo:

